

# ESTATUTOS DO CLUB TRÍATLON FERROL

## CAPITULO I:

### NORMAS XERAIS:

#### Artigo 1º.

O **Club Tríation Ferrol** é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

#### Artigo 2º.

O **Club Tríation Ferrol** practicará como principal modalidade deportiva a de Tríatlón, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

#### Artigo 3º.

O domicilio Social do **Club Tríation Ferrol** fíxase na Casa do Deporte na Avenida Castelao s/n, C.P. 15404, concello de Ferrol provincia de A Coruña teléfono 646472485 E-Mail triationferrol@gmail.com



O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

## CAPITULO II

### CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIÓNNS

#### Artigo 4º.

O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das

## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

### Artigo 5º.

Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

Os menores de 18 anos, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Son socios deportista vencellado, aquelas persoas que, sen ser ningún tipo de socios dos anteriores, compitan baixo licenza do Club.

### Artigo 6º

#### 1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación .
- d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-la súa documentación, previa petición razonada ó Presidente.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.



#### 2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboa-las cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuir ó sostento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidente, para o bo goberno da sociedade.

## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

3.- Os socios aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a aproveitarse daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

5.-Os socios deportistas vinculados terán o dereito a tramitar a licenza deportiva por medio do Club.

### Artigo 7º.


Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitud por escrito dirixida ó Presidente.
- Satisfacer a cota de ingreso correspondente.

### Artigo 8º.

A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requerimento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.
- Por acordo do presidente no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira asemblea xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.



## CAPITULO III

### ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

#### Artigo 9º

Son Órganos de representación e goberno do Club, a Asemblea Xeral e o Presidente (ou calquera membro da Xunta Directiva na que delegue por escrito).

#### Artigo 10º

O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos destes. Podendo delegar a súa representación en calquera membro da Xunta Directiva que designe.

## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

O cargo de Presidente é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interpuesta.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo, o igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

### Artigo 11º


O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentencia xudicial firme ou sanción deportiva.

### Artigo 12º

1.- Como órgano complementario dos de goberno e representación poderá haber unha xunta directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do Club, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.

2.- Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Da mesma formará parte un secretario e un tesoureiro. Tódolos cargos serán gratuitos e carecen de interese nos resultados económicos do Club por si mesmos ou persoa interpuesta.



### Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso do Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración.

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, ainda que non houbera mediado convocatoria previa.

3.- En especial corresponde á Xunta Directiva:

- a) Dirixir a xestión do Club, velado polo cumprimento do seu obxecto social.
- b) Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea.

## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

c) Aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvimento do deporte dentro do Club.

### Artigo 14º

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cuntos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de rexistro de socios e o Libro de Actas.

### Artigo 15º

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

### Artigo 16º

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do governo do Club e estará integrada por tódolos seus socios de número.

2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora más tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderá transcorrer máis de 20.

### Artigo 17º

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vinte cinco por cento, o menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presupuesto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presupuesto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.
- d) Proposicións que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.



## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmóbiles e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

### Artigo 18º

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos presentes, requiríndose unha maioría cualificada e un quórum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os estatutos. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

## CAPITULO IV


### RÉXIME DOCUMENTAL

#### Artigo 19º

O réxime documental do Club, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

#### Artigo 20º

No libro de Rexistro de Socios, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Club. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.



#### Artigo 21º

No libro de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

#### Artigo 22º

Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obligacións, e ingresos e gastos do Club, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

\* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23º

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24º

Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

**CAPITULO V**

RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 25º

1. No momento da creación do Club deportivo, o patrimonio fundacional é de 3000€ e carece de instalacións e locais propios.

2. No futuro o patrimonio do Club estará integrado por:


a) As aportacións económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.

b) As doazóns e subvencións que reciba

c) Os resultados económicos que pode producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.

d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do Club o ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ó cumprimento dos seus fins sociais.



Artigo 26º

O Club poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1.- Que se autoricen tales operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na **Asemblea Xeral Extraordinaria**

2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou Actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno ditame económico-actuarial.

## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

### Artigo 27º

O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, que serán nominativos.

Os títulos inscribiranse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

### Artigo 28º

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algúun especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

### Artigo 29º

Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

### Artigo 30º

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos únicamente entre os que teñan a condición de socios.

## CAPITULO VI

### REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB



### Artigo 31º

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro Entidades Deportivas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

### Artigo 32º

O Club extinguirse ou disolverase por acordo de: a) dos dous tercios dos socios en Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto b) por sentencia xudicial c) por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Entidades Deportivas.



## \* ESTATUTOS CLUB TRÍATLON FERROL \*

### Artigo 33º

Disolvido O Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.



A SECRETARÍA



Montserrat García cela

O PRESIDENTE

José A. Formoso Pita

DILIXENCIA: Para facer constar que se presentan estatutos do club  
TRÍATLON FERROL  
Inscritos co n.º 20463 foram modificados con data 11/05/2017  
no Registro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na  
Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13/04/2012).  
A Coruña, 32-04-10-2017

